

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 22 DE XULLO DE 2009**

---

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e dous de xullo deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA MARÍA DE LA CONCEPCIÓN BURGO LÓPEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DONA LUISA MARÍA ZARZUELA GONZÁLEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPESO GARCÍA e DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ; e a membro da Xunta de Goberno Local que non ten a condición de concelleira, DONA MARÍA NOVO PENA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión a Xefa da Asesoría Xurídica -por suplencia do Secretario Xeral do Pleno-, dona Ana Isabel Sáez Mancebo, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ó día 15 de xullo de 2009.

### **ÁREA DE URBANISMO**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acordouse conceder licenza para as seguintes actuacións: para parcelamento dun predio matriz sito no núcleo rural tradicional de Marcoi, parroquia de Santa María Alta; para instalación de ascensor no edificio con licenza número 542/88 sito na rúa Camiño de Pipín, números 24-28; para construción de balsa de almacenamento de purín e peche perimetral en Argonde, número 2, San Xoán do Campo; para ampliación de edificio en construción con licenza número 381/2007, consistente na construción dunha planta soto para un rocho vinculado á planta baixa de garaxe-aparcadoiro e desvinculación de entresollado da planta baixa para catro rochos de uso comunitario, con acceso a través do portal do edificio sito na rúa Andoriñas, número 2; para nivelación e recheo de terras para acondicionamento de finca no lugar de Camoira, na parroquia de Camoira; para rexeneración de varias fincas no lugar de Portofontao, na parroquia de Bacurín; para legalización de entresollado sen uso definido, dividido en dúas partes, unha vinculada á planta baixa e a outra con acceso a través da escaleira de vivendas no edificio con

licenza de obra número 745/78, sito na Avenida da Coruña, número 428; para modificación de licenza do edificio con licenza número 730/08, sendo a localización da obra Avda. da Coruña, número 52; e para construción de edificio na rúa Armórica, números 47, 49 e 51.

Acordouse a inadmisión do recurso de reposición contra o acordo denegatorio da licenza de desmontaxe e posterior reconstrución de cuberta a outra altura no edificio sito na rúa dos Paxariños, número 6.

Así mesmo acordouse denegar a solicitude relativa á suspensión dos efectos da licenza número 938/05 para reformas no local sito na rúa da Raiña, número 3.

**2. PLANEAMENTO.-** Acordouse desestimar o recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 7-5-2008 polo que se acordou a aplicación do modelo municipal de estatutos e bases de actuación ó Polígono número 1 do sector II do Plan de Sectorización do SUNP “IN-G” do PXOU de Lugo.

Así mesmo acordouse aprobar a constitución da Xunta de Compensación do Polígono número 1, do sector II, do Plan de sectorización do sector de solo urbanizable non programado “IN-G” do PXOU vixente.

### **ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE**

**3. PERSOAL.-** Acordouse aprobar a realización de servizos extraordinarios por persoal de Arqueoloxía e polo responsable da agrupación de tráfico e seguridade vial, e a forma de compensación.

### **ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO**

**4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.-** Acordouse a aprobación do procedemento de licitación para a subscrición dun convenio de asociación cunha mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais. Aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, a adxudicación polo procedemento aberto.

Acordouse aprobar os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así o gasto e a adxudicación por procedemento

aberto para a contratación do servizo público municipal do Centro de día “Novo Antonio Gandoy” sito na rúa Carril das Hortas e subministración de comidas ós usuarios do centro de día.

Acordouse aprobar os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como o gasto e a adxudicación por procedemento negociado para a contratación do aluguer con opción de compra dos equipos de reprodución instalados no Concello de Lugo no ano 2005.

Acordouse aprobar a adxudicación provisional da contratación do servizo de limpeza e desinfección de depósito de almacenamento de auga de consumo humano.

Adiouse, para un mellor estudo, a contratación da prestación de actividades extraescolares e complementarias levadas a cabo pola concellería de educación nos CEIPS do Concello.

**5. FACENDA LOCAL.-** Acordouse proceder á regularización da situación tributaria en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ó denegarse a licenza solicitada para a reforma da vivenda dúplex sita na Avda. da Coruña, 24-3º, en parte do edificio ampliada sen a preceptiva licenza.

**6. INTERVENCIÓN.-** A Xunta de Goberno Local queda informada das modificacións números 8 e 9 do orzamento xeral de 2009, mediante transferencia de crédito por importe de 18.821,04 euros e 46.824 euros, respectivamente.

### **ÁREA DE CULTURA, TURISMO E EDUCACIÓN**

**7. CULTURA.-** Aprobouse a delegación de atribucións na primeira Tenenta de Alcalde para a resolución das licitacións convocadas para o outorgamento de autorizacións ou licenzas para postos de atraccións durante as festas de San Froilán.

**Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adoptáronse os seguintes acordos:**

Acordouse a aprobación do reformado 2 do proxecto básico e de execución para Centro de Convivencia e Casa das Linguas no barrio da Piringalla en Lugo. Aprobación do reformado de proxecto e a súa adxudicación.

**ACTAS E GOBERNO**

LRP/cal

Ref#: 09extractoxg31.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22-7-2009

Acordouse declarar deserto o procedemento e aprobar un novo prego de cláusulas económico administrativas, así como a súa adxudicación polo procedemento negociado sen publicidade para a contratación da explotación da cafetería anexa á piscina municipal cuberta do Campus Universitario “As Pedreiras”.

Lugo, 23 de xullo de 2009  
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García